

CONVOCATORIA DO CONCURSO DE IMAXES GRÁFICAS E PEZAS AUDIOVISUAIS, CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO "DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"

Con motivo da celebración do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa convocan un Concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais.

OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do concurso é a realización de traballos, consistentes en imaxes gráficas e pezas audiovisuais, con motivo do 25 de novembro, "Día Internacional contra a Violencia de Xénero", coa finalidade de promover a reflexión sobre a loita contra a violencia de xénero dentro dos centros educativos de Galicia, a través dunha acción que fomente a participación cidadá no rexemento público e frontal contra a violencia de xénero e sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre mulleres e homes.

Os traballos (imaxes gráficas e pezas audiovisuais) que resulten gañadores en cada categoría poderán ser utilizados pola Xunta de Galicia na conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero ou en calquera outra acción ou accións de sensibilización contra esta violencia.

BASES DO CONCURSO

1. Participantes

1.1 Poderá participar no concurso calquera centro educativo de ensino non universitario que imparte ensinanzas de primaria, ESO, bacharelato, formación profesional e ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2 En canto á participación do alumnado, os traballos poderán realizarse individualmente ou en grupo, a través de equipos constituídos por un/ha docente e por un máximo de 8 alumnos e alumnas. Coa finalidade de promover o traballo colaborativo, valorarase que a elaboración das imaxes gráficas e pezas audiovisuais forme parte dun traballo global, que integre a sensibilización e a valoración crítica da resposta colectiva ante a violencia de xénero. Procurarase que no alumnado participante exista unha representación equilibrada de nenos e nenas.



1.3 En canto á participación do profesorado, os traballos deberán estar titorizados por unha persoa do Claustro, que guiará ao alumnado participante e procurará a finalidade educativa da actividade.

2. Categorías e modalidades de participación

2.1 Establécense as seguintes categorías de participación:

- 1^a Categoría: alumnado de 5º e 6º de educación primaria, de 1º e 2º de educación secundaria obligatoria (ESO) e de educación especial.
- 2^a Categoría: alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obligatoria (ESO), de 1º e 2º de bacharelato (BAC), de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.
- 3^a Categoría: alumnado das ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño.

2.2 Establécense as seguintes modalidades de participación:

- Modalidade "Imaxe gráfica": consiste na realización dun traballo gráfico (cartel, cómic, ilustración, debuxo...).
- Modalidade "Peza audiovisual": consiste na realización dun traballo audiovisual (curtas, viodeoclips, performances, flashmob, danza, videopoemas, textos recitados...).

2.3 Cada centro educativo poderá presentar só un traballo en cada categoría e modalidade de participación. Os centros que impartan distintas etapas educativas poderán participar en varias, sempre e cando propoñan un único traballo por categoría e modalidade.

3. Temática

O contido dos traballos deberá enviar unha mensaxe, clara e rotunda, que incida na reflexión contra a violencia de xénero, promovendo a erradicación desta violencia e poñendo o foco na prevención, na detección precoz e na intervención, de xeito que o traballo realizado contribúa a amplificar a mensaxe do NON á violencia de xénero, facéndoa chegar a todas partes.

A tal efecto, cada centro participante poderá realizar unha imaxe gráfica ou unha peza audiovisual, coa súa propia versión do NON e utilizando unha técnica libre, na que se transmita esa mensaxe, clara e rotunda, en contra da violencia machista. Sen ningún xénero de dúbida.



4. Características técnicas e requisitos dos traballos

4.1 A técnica e o estilo dos traballos serán libres, debendo respectar as seguintes características:

4.1.1 Modalidade "Imaxe gráfica":

- a) Os traballos gráficos (cartel, cómic, ilustración, debuxo...) realizaranse en formato horizontal ou vertical, coas medidas DIN A3 (42 por 29,7 cm).
- b) O traballo deberá estar dispoñible en formato papel e en formato electrónico, coa extensión JPG ou PDF.

4.1.2 Modalidade "Peza audiovisual":

- a) Os traballos audiovisuais (curtas, viodeoclips, performances, flashmob, danza, videopoemas, textos recitados ...) realizaranse en formato libre e a través de calquera medio: móvil, tableta ou cámara. Non poderán ter una duración superior a 2.30 minutos. O formato empregado adecuarase aos admitidos por Youtube e Facebook.
- b) O traballo debe estar dispoñible nun enlace de descarga (Xuntarquivos, Wetransfer, Dropbox, Box, etc).

4.2 Todos os traballos deberán incluír obrigatoriamente a frase "*25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero*", así como un lema en galego relacionado coa loita contra a violencia de xénero e o seu rexeitamento.

4.3 Os traballos deberán presentarase en lingua galega e coidarán a calidad lingüística do produto final.

4.4 As composicións e os slogans, así como todo o traballo no seu conxunto, deberán ser orixinais e inéditos, non poderán incluír imaxes ou música con dereitos de autoría e non poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

4.5 Os traballos non poderán incluír en ningún caso o nome do/da autor/a, o nome do profesorado que o titorizou nin o nome do centro educativo, así como calquera outra referencia que permita identificar a súa autoría, sen prexuízo que posteriormente ao fallo do xurado se poidan incluír os títulos de crédito que se considere.

4.6 Os traballos que non cumpran as características técnicas e os requisitos previstos nestas bases quedarán excluídos do concurso. Tampouco serán tidos en



conta aqueles traballos cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases ou que non fosen realizados baixo a titorización do profesorado do centro educativo.

5. Prazo de presentación

Os centros que desexen participar neste concurso poderán facelo dende o día seguinte ao de publicación das bases nas páxinas web da Secretaría Xeral da Igualdade e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa **ata o día 31 de outubro de 2022, ás 15:00 horas.**

6. Forma de envío dos traballos

6.1 Modalidade "Imaxe gráfica":

a) Os traballos da modalidade imaxe gráfica deberán remitirse por correo ordinario en sobre pechado ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Igualdade, Edificio administrativo San Lázaro s/n - 15781 Santiago de Compostela, facendo constar no sobre "**Concurso 25 de novembro - Imaxe gráfica**".

b) Dentro do sobre debe incluirse o traballo realizado e unha ficha técnica coa seguinte información:

- Nome e apellido do/a autor/a ou autores/as
- Etapa educativa e curso escolar
- Docente que titorizou o traballo
- Código e nome do centro
- Teléfono de contacto
- Endereço electrónico de contacto
- Memoria breve, na que se explique como se realizou o traballo e, o máis importante, na que se expoña o significado que se procura transmitir a través da composición realizada (máx. 1000 palabras).

c) Simultaneamente, os centros tamén deberán enviar o traballo e a ficha técnica á Secretaría Xeral da Igualdade, en formato PDF ou JPG, ao seguinte enderezo electrónico: premios25n.igualdade@gmail.com. Esta forma de envío non exime aos centros de entregar os traballos por correo ordinario, tal e como se indica no apartado a).

6.2 Modalidade "Peza audiovisual":

Os traballos da modalidade audiovisual remitiranse por correo electrónico a premios25n.igualdade@gmail.com, a través dunha ligazón de descarga (Xuntarquivos, Wetransfer, Dropbox, Box, etc.), incluíndo no correo electrónico como documento anexo unha ficha técnica, co nome "**Concurso 25 de novembro**



– **Audiovisual**”, e na que debe constar a seguinte información:

- Nome e apellido do/a autor/a ou autores/as
- Etapa educativa e curso escolar
- Docente que titorizou o traballo
- Código e nome do centro
- Teléfono de contacto
- Enderezo electrónico de contacto
- Memoria breve, na que se explique como se realizou o traballo e, o máis importante, na que se expoña o significado que se procura transmitir a través da composición realizada (máx. 1000 palabras).

7. Premios

7.1. Concederanse dous premios por cada categoría e modalidade de participación.

7.2 O Xurado poderá conceder premios compartidos, accésit ou declarar o premio deserto.

7.2. Os premios consistirán nun cheque regalo para investir no comercio local para cada un dos alumnos e alumnas integrantes do equipo gañador, valorado en 100€ e en 50€ respectivamente para o primeiro e segundo premio, así como nun lote de libros para o centro.

7.3. Os traballos premiados poderán ser utilizados co gallo da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero así como en calquera outro evento ou publicación. A Xunta de Galicia resérvase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios, así como de realizar calquera tipo de modificación ou variación dos elementos do deseño para o seu uso e a súa difusión. En todo caso, farase constar sempre a autoría dos traballos.

8. Criterios de valoración

Para a selección dos traballos gañadores en cada categoría e modalidade de participación teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

a) A transmisión dunha mensaxe clara de rexeitamento fronte á violencia de xénero e a claridade e adecuación da mensaxe aos obxectivos que se promoven de prevención, detección precoz e intervención fronte á violencia de xénero.



b) A calidade técnica, a orixinalidade e a creatividade.

c) A participación activa do alumnado.

9. Xurado

9.1 Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

-Presidencia: persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade, ou persoa en quen delegue.

-Vicepresidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

-Vogalías: todas as persoas integrantes da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista.

-Secretaría: unha persoa que teña a condición de persoal funcionario da Secretaría Xeral da Igualdade, que actuará con voz pero sen voto.

9.2 Para asegurar a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade das persoas participantes no concurso. A Secretaría Xeral da Igualdade fará chegar os traballos ao xurado e custodiará a documentación que identifique o centro e as persoas autoras dos traballos ata que se resolva o concurso.

9.3 Para que o xurado se constitúa e poida celebrar as sesións correspondentes precisarase quórum da maioría das persoas integrantes.

9.4 Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e, no caso de empate, decidirá o voto da presidencia.

9.5 O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento.

10. Entrega de premios

O xurado recoñecerá o valor dos traballos finalistas, do alumnado e do profesorado encargado de supervisar e titorizarlos, nun acto público onde se fará entrega do primeiro e segundo premio en cada unha das categorías e modalidades. O lugar, a data e a hora faranse públicos nas páxinas web da Secretaría Xeral da Igualdade e no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



11. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

12. Cesión de dereitos de reproducción, difusión e exposición

12.1 A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reproducción, difusión e exposición dos traballos premiados; así como o derecho a retirar todos os demais traballos que non resultaron premiados.

12.2 En todo caso, sempre que se utilice algún dos traballos premiados cos fins previstos nestas bases, nel figurará o nome do centro educativo que o elaborou.

12.3 En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten, serán utilizados con fins de comunicación nas distintas fases do concurso e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade diferente á indicada nestas bases.

12.4 Os centros participantes serán os responsables últimos de garantir o pleno respecto da normativa vixente de materia de protección de datos persoais do alumnado menor de idade que participe ou se vexa exposto nos produtos presentados a este concurso. Garantírase que a reprodución da imaxe de menores estará sempre autorizada con anterioridade conforme a normativa.

12.5 En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio Administrativo San Lázaro, s/nº 15781 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico igualdade@xunta.gal

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Secretaria xeral da Igualdade
Judith Fernández Novoa	Susana López Abella

